



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Cambre

Data: 30/06/22 22:30:00

Exposición: 30/06/22 22:30:00 a ...

Anuncio

Desenvolvemento Socioeconómico

Aprobación definitiva bases subvencións Asociacións Empresariais 2022

Información:

EXP: 2022/A002/000004

Subvencións municipais a asociación empresariais 2022 - Aprobación definitiva das bases

O Pleno municipal, na súa sesión ordinaria do día 28 de abril de 2022, acordou aprobar inicialmente as bases reguladoras da convocatoria pública de subvencións municipais a asociacións empresariais 2022 do Concello de Cambre, así como a súa convocatoria e modelos de solicitude e xustificación (anexos), e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días hábiles a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que puideran presentarse as reclamacións e suxestións que estimasen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local. O anuncio de aprobación inicial publicouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 85, do 5 de maio de 2022.

As bases íntegras publicáronse no taboleiro de anuncios e páxina web municipais o 6 de maio de 2022.

Expostas as bases íntegras ao público durante trinta días no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal <https://sede.cambre.es/> ("Taboleiro de anuncios"), non se presentou ningunha reclamación ou suxestión, polo que, de conformidade co establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, enténdense definitivamente aprobadas as Bases publicadas, dándose por cumprido o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

A teor do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e artigo 196.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, publicouse integramente o texto das bases reguladoras e os modelos de solicitude (anexos) no Boletín Oficial da Provincia núm. 122, do 29 de xuño de 2022, facendo constar que contra ese acordo non procedía recurso en vía administrativa,



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Cambre

Data: 30/06/22 22:30:00

Exposición: 30/06/22 22:30:00 a ...

se

ben podería impugnarse directamente ante a xurisdición contencioso - administrativa. O prazo para interpoñer o recurso contencioso - administrativo é de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia, e deberá presentarse ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, isto de conformidade co previsto no artigo 10.1.b) da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.